



LEENDA

- Acondicionamento de camiños tradicionais
- Construción de via peonil a carón de vías asfaltadas

- C01 Cruceiro de Barragáns
- C02 AParada de Abaixo-Casal do Mendo
- C03 As Chans
- C04 As Chans-Barragáns
- C05 Campaño de Arriba-O Cabaleiro I
- C06 Campaño de arriba-A Pedreira
- C07 Barragáns-Os Muíños
- C08 A Cañota



ESTADO ACTUAL.

Un dos principais problemas na parroquia dende o punto de vista da mobilidade, é a de comunicar peonilmente os diferentes asentamentos que a conforman sen entrar en conflito co tráfico rodado. A rede viaria que estrutura a parroquia está formada na súa maioría por camiños locais que foron asfaltados mantendo o ancho orixinal, o que resulta escaso para poder habilitar un espazo de circulación peonil á marxe do tráfico a motor. A delimitación destes viarios polos muros de peche das fincas colindantes, dificulta actuacións de aumento de sección na vía para habilitar este percorrido peonil, xa que o seu custo fai inviable tal operación.

PROPOSTA.

Mellora da comunicación peonil na parroquia recuperando camiños tradicionais e viario que aínda queda sen asfaltar, que potencia a comunicación entre os seus habitantes e o acceso ao núcleo de centralidade parroquial. A intervención nestes camiños consistirá en acondicionar o seu firme con un tratamento brando tipo xabre e a recollida e condución de augas pluviais. Nalgúns casos, para darlle continuidade a esta comunicación peonil, haberá que habilitar un recorrido libre de tráfico rodado a carón de pistas xa asfaltadas pero con ancho suficiente para diferenciar estes dous usos